



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-10

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

14 de Novembro de 2024

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**09:32**

Hora de Finalización

**09:49**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

EMILIO FERNANDEZ PARADA  
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
LUCIA GIL CID  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

### MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO (Escusa)  
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ (Escusa)

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 21.10.2024 (ACTA 9/2024)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

### 2º ORZAMENTO 2025.

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, dos orzamentos desta entidade para o exercicio do **2025**, e da conta da Memoria da Alcaldía. Sinala, en síntese, que é un documento moi parecido ao do actual exercicio, coa salvidade de que inclúe, como sucedera en anos pasados, un Obradoiro Dual de Emprego a desenvolver durante 2025.

Cede o uso da palabra ao Secretario, quen pasa a dar lectura e explicación das consignacións das partidas dos estados de gastos e ingresos.

Tamén dase conta do informe económico financeiro e fíxose constar que o expediente está integrado polos documentos legalmente esixibles.

Non se produciron intervencións.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por **catro** votos a favor (**PSdeG-PSOE**), ningún e contra e **unha abstención (PP)**, dos cinco membros presentes dos sete que legalmente o forman, **ACORDA:**

**1º.** Aprobar inicialmente o presuposto desta entidade para o exercicio de **2025**, dunha contía, tanto en gastos como en ingresos de **un millón setecentos trinta e dous mil euros**; asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
	<i>A-1 Operacións correntes</i>	
1	GASTOS DE PERSOAL	756.000,00
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	701.780,00
3	GASTOS FINANCEIROS	3.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	86.200,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
	<i>A-2 Operacións de capital</i>	
6	INVESTIMENTOS REAIS	165.977,40
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
	B) OPERACIONES FINANCIERAS	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	19.042,60
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.732.000,00</b>

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
	<i>A-1 Operacións correntes</i>	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	308.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	6.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	78.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.274.000,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	7.104,95
	<i>A-2 Operacións de capital</i>	
6	ENAXENACION DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	58.895,05
	B) OPERACIONES FINANCIERAS	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00





# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1.732.000,00</b>

2º. Aprobar, igualmente, as bases de execución de dito orzamento.

3º. Que se **expoña ó público** por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, de conformidade co que preceptúa o artigo 169.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4º. Que, no suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa **publicación resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia** e no taboleiro de edictos do Concello, xuntamente coa copia da plantilla de persoal e relación dos postos de traballo, segundo o disposto nos artigos 127 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril e 169.3 da devandita Lei; noutro caso, procederáse de acordo co que se prevé no número un deste último artigo.

5º. Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo se remita copia de dito orzamento á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma.

6º. Aprobar igualmente, a **plantilla de persoal** desta Corporación que queda fixada da seguinte forma: Funcionarios: Unha praza de Secretaría-Intervención, Grupo A1/A2, Nivel CD 30, cuberta en propiedade. Unha praza de técnico (AEDL) Grupo A2, nivel CD 24, unha praza de Auxiliar de Administración Xeral, Grupo C2, Nivel CD 22, cuberta en propiedade. Unha praza de Subalerno, Grupo Agrupacións Profesionais (antes Grupo E), Nivel CD 14, vacante. Persoal laboral fixo: Unha praza de operario de servizos varios, a tempo completo.

## 3º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA DE RECADACIÓN 2024 QUE FORMULA O SERVIZO DE RECADACIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN.

O Sr. Alcalde cede a palabra ao Secretario-Interventor.

O Secretario-Interventor sinala que como todos os anos, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, presenta o **resumo anual da xestión recaudatoria** do Servizo de Recadación, comprensivo de todos os tributos do concello que estiveron ao cobro no ano **2024**, a través dese Servizo, tanto en vía voluntaria como en vía executiva, sendo o devandito resumo, de data **02.10.2024** o que se transcribe a continuación e do que se da conta ao Pleno:

### 1. CARGOS PENDENTES DO ANO 2023 E ANTERIORES:

CARGO INICIAL	+ ALTAS	- BAIXAS	- COBROS =	NOVO CARGO
82.662,55	4.757,04	452,19	19.829,75	67.137,65

### 2. CARGOS NOVOS DO ANO 2024:





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

CARGO INICIAL	+ ALTAS	- BAIXAS	- COBROS =	NOVO CARGO
344.784,29	0,00	29,49	321.230,63	23.254,17

### 3. TOTAL RESUMO:

CARGO INICIAL	+ ALTAS	- BAIXAS	- COBROS =	NOVO CARGO
427.446,84	4.757,04	481,68	341.060,38	90.661,82

Por Secretaría-Intervención aclárase que os datos están debidamente xustificados nas liquidacións presentadas polo Servicio de Recadación neste ano **2024**, e que os cobros que se indican están debidamente ingresados nas Arcas Municipais, no ano **2024** e que así mesmo, os datos relativos a exercicios pechados, correspóndense có Resumo da Xestión Recaudatoria do ano **2023 e anteriores**; por todo o que foi informada favorablemente pola Intervención.

A continuación, o Sr. Alcalde somete a votación este Resumo da Xestión Recaudatoria do ano **2024**; que o Pleno aproba por **unanimidade** dos seus cinco membros presentes (4 **PSdeG-PSOE** e 1 **PP**) dos sete que legalmente o forman.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

